



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO CICLO INICIAL E FINAL DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN MERGULLO DEPORTIVO CON ESCAFANDRO AUTÓNOMO.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 19 de xuño de 2012, emite o seguinte ditame provisorio en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.

1.- Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dunha nova disposición transitoria cuarta, co seguinte texto: **"A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novo currículo"**.
Páx, 21, liñas 16.

2.- Para o Anexo IV – Ratio profesorado/alumnado; propónse a substitución dos cadros que se indican a continuación:

Bloque específico ciclo inicial	Ratio profesorado/alumnado
MED-ASBD102- Contorna natural do mergullo deportivo.	1/30
MED-ASBD103- Organización de actividades de descubrimento e conducción de mergullo deportivo.	1/15
MED-ASBD104- Conducción subacuática.	1/10

Bloque específico ciclo final	Ratio profesorado/alumnado
MED-ASBD201- Escola de mergullo deportivo.	1/30
MED-ASBD202- Programación da formación no mergullo deportivo.	1/15
MED-ASBD203- Instrución no nivel básico de mergullo deportivo.	1/8
MED-ASBD204- Instrución no nivel avanzado de mergullo deportivo.	1/8
MED-ASBD205- Seguridade nos cursos de mergullo deportivo.	1/8

Polos seguintes:

Bloque específico ciclo inicial	Ratio profesorado/alumnado
MED-ASBD102- Contorna natural do mergullo deportivo.	1/20
MED-ASBD103- Organización de actividades de descubrimento e conducción de mergullo deportivo.	1/10
MED-ASBD104- Conducción subacuática.	1/8



Bloque específico ciclo final	Ratio profesorado/alumnado
MED-ASBD201- Escola de mergullo deportivo.	1/20
MED-ASBD202- Programación da formación no mergullo deportivo.	1/10
MED-ASBD203- Instrución no nivel básico de mergullo deportivo.	1/5
MED-ASBD204- Instrución no nivel avanzado de mergullo deportivo.	1/5
MED-ASBD205- Seguridade nos cursos de mergullo deportivo.	1/5

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.

O Vicepresidente



Fernando del Pozo Andrés